Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 31 Agosto 2013 19:31



HORARIOS
TODO EL AÑO EXCEPTO MESES DE JULIO Y AGOSTO

AUTOMOVILES DE TUY, S.A. ATSA LINEAS DE AUTOBUSES
Teléfs.: 986 35 53 30 - 986 61 02 55

LUNES A VIERNES

BAIONA A VIGO

SALIDAS BAIONA	SALIDA VIGO
6,00 Por PANXON	7,00 Por NIGRAN
6,20 " BELESAR A SABARIS	8,00 " NIGRAN
7,00 " CHANDEBRITO A NIGRAN	8,30 " NIGRAN
B7,00 " NIGRAN	9,15 " CAMOS
7,30 " NIGRAN	9,30 " NIGRAN
7,50 " CAMOS	10,00 " PANXON-C. VIA
G8,00 " NIGRAN	10,30 " NIGRAN
8,30 " NIGRAN	11,00 " NIGRAN
9,00 " PANXON-C. VIA	11,45 " CAMOS A BAREDO
9,30 " NIGRAN	12,00 " NIGRAN - A GUARDA
B10,00 " NIGRAN	12,00 " PANXON-C. VIA
10,30 " CAMOS	12,30 " NIGRAN
11,00 " PANXON-C. VIA	13,00 " NIGRAN
11,30 " NIGRAN	14,00 " PANXON- C. VIA
12,00 " NIGRAN	14,30 " NIGRAN
13,00 " PANXON-C. VIA	15,00 " NIGRAN
13,30 " NIGRAN	15,30 " NIGRAN
14,00 " NIGRAN	16,00 " PANXON- C. VIA
14,30 " NIGRAN	16,45 " CAMOS
G15,00 " NIGRAN	17,00 " NIGRAN
15,00 " PANXON-C. VIA	17,30 " NIGRAN
15,30 " CAMOS	18,00 " PANXON-C. VIA
16,00 " NIGRAN	18,30 " NIGRAN
16,30 " NIGRAN	19,00 " NIGRAN - A GUARDA
17,00 " PANXON-C.VIA	19,30 " NIGRAN
17,30 " NIGRAN	20,00 " PANXON-C. VIA
G18,00 " NIGRAN	20,30 " NIGRAN A BAREDO
18,30 " NIGRAN	21,00 " NIGRAN
19,00 " PANXON-C. VIA	22,00 " NIGRAN - PANXON
19,30 " NIGRAN	
20,00 " NIGRAN	
21,00 " NIGRAN	

GONDOMAR A VIGO

SALIDAS GONDOMAR	SALIDAS VIGO
7,00 Por PANXON-C. VIA	8,00 Por PANXON-C. VIA
8,00 " PANXON-C. VIA	9,00 " PANXON-C. VIA
10,00 " PANXON-C. VIA	11,00 " PANXON-C. VIA
12,00 " PANXON-C. VIA	13,00 " PANXON-C. VIA
14,00 " PANXON-C. VIA	15,00 " PANXON-C. VIA
16,00 " PANXON-C. VIA	17,00 " PANXON-C. VIA
18,00 " PANXON-C. VIA	19,00 " PANXON-C. VIA
20,00 " PANXON-C. VIA	21,00 " PANXON-C. VIA

BAREDO - BAIONA - VIGO

SALIDAS BAREDO	SALIDAS VIGO
6,50	11,45
9,50	20,30

INDICACIONES

G- VIENE DE A GUARDA. ES HORARIO APROXIMADO DE PASO.
B- VIENE DE BAREDO.
C. VIA VAN TODOS POR PATOS.

SABADOS

BAIONA A VIGO

SALIDAS BAIONA	SALIDA VIGO
7,00 Por NIGRAN	8,00 Por NIGRAN
8,00 " NIGRAN	9,00 " NIGRAN
9,00 " PANXON-C. VIA	10,00 " PANXON-C. VIA
B10,00 " NIGRAN	11,00 " NIGRAN
11,00 " PANXON-C. VIA	12,00 " PANXON-C. VIA
12,00 " NIGRAN	13,00 " NIGRAN A BAREDO
13,00 " PANXON-C. VIA	14,00 " PANXON-C. VIA
14,00 " NIGRAN	15,00 " NIGRAN
G15,00 " NIGRAN	16,00 " PANXON-C. VIA
15,00 " PANXON-C. VIA	17,00 " CAMOS
16,00 " CAMOS	18,00 " PANXON-C. VIA
17,00 " PANXON-C. VIA	19,00 " NIGRAN - A GUARDA
18,00 " NIGRAN	20,00 " PANXON-C. VIA
19,00 " PANXON-C. VIA	21,00 " NIGRAN
20,00 " NIGRAN	22,00 " NIGRAN - PANXON
21,00 " NIGRAN	

GONDOMAR A VIGO

SALIDAS GONDOMAR	SALIDAS VIGO
10,00 Por PANXON-C. VIA	11,00 Por PANXON-C. VIA
12,00 " PANXON-C. VIA	13,00 " PANXON-C. VIA
20,00 " PANXON-C. VIA	19,00 " PANXON-C. VIA
	21,00 " PANXON-C. VIA

BAREDO-BAIONA-VIGO

SALIDAS BAREDO	SALIDAS VIGO
9,50	13,00

DOMINGOS Y FESTIVOS

BAIONA A VIGO

SALIDAS BAIONA	SALIDAS VIGO
7,00 Por NIGRAN	8,00 Por NIGRAN
8,00 " NIGRAN	9,00 " NIGRAN
9,00 " PANXON-C. VIA	10,00 " PANXON-C. VIA
10,00 " NIGRAN	11,00 " NIGRAN
11,00 " PANXON-C. VIA	12,00 " PANXON-C. VIA
12,00 " NIGRAN	13,00 " NIGRAN
13,00 " PANXON-C. VIA	14,00 " PANXON-C. VIA
14,00 " NIGRAN	15,00 " NIGRAN
G15,00 " NIGRAN	16,00 " PANXON-C. VIA
15,00 " PANXON-C. VIA	17,00 " NIGRAN
16,00 " CAMOS	18,00 " PANXON-C. VIA
17,00 " PANXON-C. VIA	19,00 " NIGRAN - A GUARDA
18,00 " NIGRAN	20,00 " PANXON-C. VIA
19,00 " PANXON-C. VIA	21,00 " NIGRAN
20,00 " NIGRAN	21,30 " CAMOS
21,00 " PANXON-C. VIA	22,00 " NIGRAN - PANXON

GONDOMAR A VIGO

SALIDAS GONDOMAR	SALIDAS VIGO
11,45 Por PANXON-C. VIA	12,45 Por PANXON-C. VIA
17,45 " PANXON-C. VIA	18,45 " PANXON-C. VIA

-A concesionaria de transporte ATSA reduce a partir do luns a 8 quendas a frecuencia Gondomar - Vigo de luns a venres, a 3 os días sábados e tan só 2 para os domingos e festivos.
-Os novos horarios non están dispoñibles na terminal de Gondomar, nin son coñecidos polas autoridades locais. Tampouco que as novas rutas deixa de comunicar a vila condal co centro de Nigrán e Coruxo, pois eliminan os traxectos pola PO 552 (carreteira de Camposancos).

-O BNG denuncia a "pasividade do goberno municipal" na xestión do conflito e acusa ao PP de botar abaixo as
iniciativas parlamentarias
que intentaban solucionarllo.
Os usuarios do transporte público de Gondomar reciben un novo recorte de quendas. Unha

medida que ademais elimina todos os destinos da principal vía que comunica a Ramallosa co centro de Nigrán, a través das avenidas Manuel Lemos, Rosalía de Castro, Val Miñor e o resto das parroquias á altura da PO 552. Os novos horarios (ver imaxe que acompaña a nota), comezarán a rexer o vindeiro luns 2 de setembro.

A comunicación pública da modificación das quendas a fixo este sábado o BNG, alertado por varios veciños que recibiron as follas informativas no correr da semana nos propios autobuses da compañía. Unha información da que non dispón ata de agora o goberno local gondomareño segundo o admitiu o alcalde Fernando Guitián esta mesma tarde a Valminor.info. Por outra banda, ata as 20 horas deste sábado a propia terminal de autobuses de Gondomar carece dos novos horarios.

As portavoces nacionalistas Manuela Rodríguez Pumar (Val Miñor) e Marta Dacosta (Gondomar), salientaron a morea de prexuízos que esta medida terá para o desenvolvemento e mobilidade da poboación local. Nese senso, lembraron que a Mancomunidade do Val Miñor comprometeuse o pasado 1 de xullo a desenvolver accións en contra das reducións de quendas do transporte na bisbarra. Resolución que foi precedida dez días antes por un anuncio do alcalde de Gondomar que entaboaría negociacións coas empresas ATSA e Melytour ca fin de evitar a supresión de liñas.

"Mais o desenlace final é que Melytour xa reduciu as súas liñas de transporte neste verán e ATSA vaino facer a partir do luns, reducindo nun 50% as liñas de transporte, que pasa a ter unha frecuencia de cada dúas horas desde Gondomar e desde Vigo", sinalan as voceiras do BNG. Por outra banda, o BNG entende que "cómpre denunciar que esta redución afecta a Gondomar exclusivamente", posto que a modificación das quendas Baiona - Vigo, contempla manter os servizos polo interior de Nigrán.

O BNG responsabiliza ao goberno de Gondomar e o PP

O BNG denuncia a "pasividade do goberno local do PP" ante a redución das liñas. Lembra que en febreiro e marzo deste mesmo ano o BNG reclamou a actuación decidida do goberno municipal de Gondomar ante o anuncio das empresas Melytour e ATSA de reducir as liñas de transporte existentes, "xa moi deficitarias".

Nese senso, os nacionalistas iniciaron unha campaña que ademais da recollida de sinaturas entre os afectados incluíu a presentación de varias mocións nos Concellos e Mancomunidade do Val Miñor, así como unha moción no propio Parlamento Galego.

Nembargante, denuncian que en marzo o PP votou en contra dunha iniciativa do BNG no Parlamento Galego, sobre a problemática do transporte no Val Miñor e Baixo Miño. A iniciativa fora presentada o cinco de febreiro pola deputada Carme Adán ao facerse pública a intención das empresas que realizan o transporte nesta comarca de reducir o servizo.

O BNG que pula pola aplicación dunha política metropolitana en materia de transporte público, afirma que o PP é responsábel desta situación, especialmente o goberno municipal de Gondomar, "pois non actuou aínda tendo na súa man a ferramenta para tentar modificar a situación: a iniciativa presentada no Parlamento ou as alegacións presentadas ante a Dirección Xeral de Mobilidade, mais preferiu deixarlle carta branca ás empresas, no canto de buscar solucións para manter e mellorar o servizo".